

## CERTIFICACIÓN

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 20 de maio de 2021, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**PUNTO TERCEIRO. APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES CELEBRADAS NO CONCELLO DE AMES DURANTE OS EXERCICIOS 2020 E 2021.**

**EXPEDIENTE GESTDOC 5766/2021**

*Tendo en conta o Plan Estratéxico de Subvencións aprobado polo pleno do Concello de Ames en sesión do 27.02.2020, dende a Concellaría de Cultura remítese proposta de convocatoria de subvencións para a promoción de festas populares celebradas no Concello de Ames, nos exercicios 2020 e 2021.*

*Figura informe favorable conxunto de secretaria e intervención municipal (informe 209/2021).*

*Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:*

**Primeiro.** *Aprobar a convocatoria de subvencións para a promoción de festas populares celebradas no Concello de Ames I nos exercicios 2020 e 2021.*

**Segundo.** *Aprobar o gasto por importe de 30.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3341.489.16 do orzamento municipal do exercicio 2021.*

**Terceiro.** *Publicar o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións (BNS) quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames. O prazo para presentar as solicitudes será de 30 días naturais a contar desde o día seguinte da publicación do estrato da convocatoria no BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.*

**Cuarto.** *Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que figuran como Anexo I deste acordo.*

**Quinto.** *Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.*

**Sexto.** *Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

## ANEXO I

### **BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES CELEBRADAS NO CONCELLO DE AMES DURANTE O EXERCICIO 2020 E 2021.-**

#### **1. OBXECTO.**

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, destinadas a promover os festexos populares celebrados no Concello de Ames no exercicio 2020 e 2021 de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

A través da presente convocatoria, a Concellaría delegada de Cultura propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

##### **1.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, OU DE PRIMEIRO NIVEL.**

A existencia dunha programación festiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas comisións de festas de cada parroquia, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.

A participación activa da veciñanza nas festas, como medio de propiciar a convivencia entre os veciños.

A preservación das tradicións existentes nas distintas parroquias do Concello, transmitidas a través dos festexos populares.

A difusión da imaxe de Ames a través da súa oferta festiva, de xeito que esta sirva como elemento de dinamización de cada unha das parroquias nas que se celebren festas, así como de atracción de visitantes de cara aos vindeiros exercicios.

##### **1.2 OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS, OU DE SEGUNDO NIVEL.**

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación:

Primar no reparto de achegas o número de persoas residentes en cada lugar de celebración, como indicador obxectivo.

Que o protagonismo no impulso, desenvolvemento e financiamento dos festexos sexa asumida pola propia veciñanza, como medio para acadar a máxima implicación no seu mantemento.

#### **2. GASTOS SUBVENCIONABLES.**

##### **2.1 GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Poderán ser subvencionadas, ata un máximo do 50 % o presuposto total, as actividades asociadas á celebración das festas populares desenvolvidas polos suxeitos indicados na Base nº 5.

Non se subvencionará a realización de obras, nin a adquisición de bens de carácter inventariable.

##### **2.2. MOMENTO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS FINANCIADOS.**

Os gastos para os que se solicite a achega municipal deberán estar efectuados dentro dos exercicios 2020 e 2021.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017 de 8 de novembro, da Lei de Contratos do Sector público para o contrato menor, o/a beneficiario/a deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso da prestación do servizo, salvo que polas esenciais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade a subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá aportarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta de menor importe.

#### **3. ORZAMENTO.**

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 30.000euros, imputables á aplicación orzamentaria 334148916 do orzamento municipal do exercicio 2021.

#### **4. CONTÍA DAS ACHEGAS E COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO.**

##### **4.1 CONTÍA INDIVIDUAL DAS ACHEGAS.**

O importe individual das achegas dependerá dos habitantes censados en cada lugar ou parroquia en que se celebren os festexos, de acordo co seguinte baremo:

Nº HABITANTES	ACHEGA MÁX.
<500	1.000,00 euros
500-3000	2.500,00 euros
>3.000	8.250,00 euros

En aplicación do anterior, e considerando as cifras de habitantes reflectidas no censo municipal a data 12/05/2021, as achegas máximas a percibir ao abeiro da presente convocatoria resultan ser as seguintes:

	Parroquia	Nº de habitantes	Achega máxima	Orzamento subvencionado (gasto mínimo a xustificar para o cobro da achega máxima).
1	AGRON	357	1.000,00 euros	2.000,00 euros
2	AMEIXENDA	323	1.000,00 euros	2.000,00 euros
3	AMES	1.545	2.500,00 euros	5.000,00 euros
4	BERTAMIRÁNS - ORTOÑO	11.636	8.250,00 euros	16.500,00 euros
5	MILLADOIRO - BIDUÍDO	15.023	8.250,00 euros	16.500,00 euros
6	BUGALLIDO	1.607	2.500,00 euros	5.000,00 euros
7	COVAS	1.053	2.500,00 euros	5.000,00 euros
8	LENS	87	1.000,00 euros	2.000,00 euros
9	PIÑEIRO	234	1.000,00 euros	2.000,00 euros
10	TAPIA	118	1.000,00 euros	2.000,00 euros
11	TRASMONTE	337	1.000,00 euros	2.000,00 euros

En caso de que exista máis dunha solicitude de subvención por parroquia, o importe asignado no cadro anterior a esa parroquia repartirase de forma proporcional atendendo aos habitantes censados en cada lugar no que se celebren os festexos. Nestes casos o orzamento mínimo a xustificar será o dobre da achega concedida.

Unha vez distribuídas as achegas entre todas as parroquias conforme ao indicado, si a suma non superase o orzamento máximo da convocatoria sinalada na base 3ª (30.000euros), o sobranse repartirase soamente entre aquelas parroquias nas que exista máis dunha solicitude de subvencións, do seguinte xeito: sumarase os habitantes das parroquias nas que exista máis dunha solicitude e realizarase un reparto proporcional atendendo aos habitantes censados en cada lugar no que se celebren festexos. O importe que se lle conceda a cada lugar nunca poderá ser superior ao que lle correspondería no caso de que fora unha parroquia. Nestes casos o orzamento mínimo a xustificar será o dobre da achega concedida.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento feito polo beneficiario/a.

#### 4.2 COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO.

Defínese o coeficiente de financiamento como o cociente existente entre a achega concedida e o orzamento subvencionado.

Enténdese por orzamento subvencionado o gasto mínimo que deberá acreditar o beneficiario/a para o cobro da achega máxima concedida.

De acordo co anterior, o coeficiente de financiamento das achegas concedidas nesta convocatoria será, en todos os casos, do 50 %.

O coeficiente de financiamento será aplicado sobre o gasto validamente xustifico, co fin de determinar o importe final da achega que lle vaia corresponder ao beneficiario/a, co límite máximo sinalado no cadro superior.

#### 5- DESTINATARIOS.

Poderán optar a estas subvencións as asociacións culturais existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións, sempre e cando os datos da inscrición estean debidamente actualizados ao momento de solicitar a achega.

Poderán acceder igualmente á condición de beneficiario/a as comisións de festas constituídas por unha agrupación de persoas físicas, sen personalidade xurídica.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Os solicitantes teñen que estar ao días nas súas obrigas tributarias (AEAT e Concello de Ames), así como coa

*Seguridade Social.*

*As entidades solicitantes non poderán ter pendente a xustificación de ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.*

*Os requisitos sinalados nos anteriores parágrafos deberán ser cumpridos por todos e cada un dos membros da comisión de festas solicitantes, cando esta non conte con personalidade xurídica propia.*

**6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

**6.1. LUGAR DE PRESENTACIÓN.**

*De acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse coas administracións públicas a través de medios electrónicos.*

*As solicitudes, xunto co resto da documentación, presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral do Concello de Ames, o na sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodeames.gal/es/>). Igualmente poderá presentarse no Rexistro electrónico do Punto de Acceso Xeral do Estado (REC), ao que poderá acceder desde o enlace dispoñible na sede electrónica do Concello de Ames.*

*Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.*

**6.2. PRAZO DE PRESENTACIÓN.**

*O prazo para presentar as solicitudes será de 30 días naturais a contar desde o día seguinte da publicación do estrato da convocatoria no BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.*

**6.3. DOCUMENTACIÓN INTEGRANTE DAS SOLICITUDES.**

*As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:*

<b>ANEXO 1</b>	<b>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.</b> <i>Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente: Cartel das festa, e, no seu caso, programa de man no que figure a colaboración do Concello de Ames respectando en todo momento o criterio de proporcionalidade na publicidade da actividade Certificación bancaria da conta na que teña de efectuarse o ingreso da subvención.</i>
<b>ANEXO 2</b>	<b>DECLARACIÓN RESPONSABLE DO PRESIDENTE DA ENTIDADE (no caso das asociacións) OU DOS MEMBROS INTEGRANTES DO COMITÉ ORGANIZADOR.</b>

*As solicitudes das asociacións deberá presentalas o/a presidente/a, e a persoa que ocupe ese cargo deberá constar como tal no Rexistro Municipal de Asociacións.*

**7.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN.**

**7.1 TRAMITACIÓN.**

*A presente convocatoria será tramitada pola Concellaría delegada en materia de Cultura, que terá o carácter de órgano xestor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.*

*A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, e será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora, e o informe do Departamento de Cultura acreditativo de que da información que consta no seu poder, se deriva que os beneficiario/as reúnen todos os requisitos necesarios para accederen á condición de beneficiario/as da achega solicitada.*

*Esta comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:*

<i>Presidente</i>	<i>O Alcalde</i>
<i>Vogais</i>	<i>A Concelleira Delegada da Área de Cultura A animadora socio cultural, que actuará igualmente como secretaria.</i>

**7.2 VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.**

*A comisión avaliadora analizará as solicitudes presentadas co fin de verificar que cumpren o previsto nestas bases, así como que a actividade para a que se solicita a achega colabora na consecución dos obxectivos sinalados na base 1ª.*

**7.3 IMPORTE DA ACHEGA A CONCEDER.**

En caso de que a solicitude cumpra tales condicións, a comisión proporá a concesión da achega municipal, polo importe indicado no cadro que figura na base 4ª.

A contía da achega non poderá superar, en ningún caso, o importe solicitado, o 50 % do orzamento declarado polo solicitante, nin o importe máximo sinalado na base 4.1.

A suma das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou o investimento feito polo beneficiario/a.

#### **7.4. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.**

O expediente así tramitado someterase á Alcaldía, ou ao órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación.

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo de dous meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos. Dita resolución expresará o obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente, e o orzamento subvencionado.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas. (un mes desde a notificación da resolución de reparto de achegas). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de reparto de achegas).

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

#### **7.5 ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN**

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os beneficiario/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

### **8. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

#### **8.1 PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

O prazo de xustificación finalizará o 31 de xaneiro de 2022, agás que se conceda unha prórroga, a instancia de parte.

Este prazo poderá ser ampliado ata o 31 de marzo de 2022 como máximo; esta ampliación poderá ser realizada por solicitude da persoa interesada, realizada antes do 31 de decembro de 2021, ou a proposta razoada da unidade xestora.

#### **8.2 DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.**

A obriga de xustificar a achega concedida deberá cumprirse mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO 3 destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

8.2.1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

8.2.2 Relación de gastos ordenada segundo o concepto a que se atribúe, orixinais das facturas e xustificantes bancarios do seu aboamento. No xustificante bancario deberá constar, ademais do emisor e receptor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a data del.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior. É requisito necesario o seu aboamento con anterioridade á finalización do período de xustificación que se indica nesta base.

Os beneficiarios/as das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse, documentalmente (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias..) e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tiquets de aparcamento, etc) e en todo caso para gastos non superiores a 150euros.

8.2.3. En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.

Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

8.2.4. Copia do material empregado para o cumprimento do deber de difusión do carácter público do financiamento, de acordo co indicado na disposición adicional primeira.

A documentación relativa a xustificación presentarase no rexistro electrónico do concello, o representante ou presidente da entidade responsabilizarase de que todos os documentos que se acheguen na sede electrónica son orixinais. Para facilitar o control da concorrencia de outras subvencións outorgadas coa mesma finalidade as facturas e demais xustificantes de gasto que se presenten deben ser orixinais. Estes documentos **estampillaranse polo beneficiario antes da súa presentación electrónica coa seguinte mención "factura empregada para xustificar unha achega ante o Concello de Ames na convocatoria de axudas a festas populares no ano 2020 ou 2021" segundo corresponda en cada caso e indicando o importe afectado pola subvención.** Non se aceptarán aqueles documentos xustificativos do gasto nos que non conste a estampilla correspondente.

Con independencia dos libros e rexistros contables que as normas de carácter xeral poidan establecer aos beneficiarios/as de subvencións como consecuencia da súa forma xurídica (Asociación, Fundación, Federación, etc) estes deberán contar en todo caso, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúa debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade ou material obxecto de financiamento polo Concello de Ames, que terá os efectos previstos no artigo 17.3. h) da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 11.f) e g) da Lei de subvencións de Galicia.

### 8.3 TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN.

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada no apartado anterior. Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previo da unidade xestora acreditativo de que da información que consta no seu poder se deriva que os beneficiario/as achegaron a totalidade de documentación xustificativa esixida e despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación da xustificación e ao pagamento da subvención.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, o órgano xestor formulará o correspondente requirimento, con advertencia de que de non proceder á emenda das eivas advertidas no prazo de dez días hábiles, consideraráselle desistido do procedemento, o que implicará a renuncia á achega concedida.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e o seu pagamento, terase en conta o seguinte:

No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior ao orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.

No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, pero superior ao 30% do orzamento subvencionado, aboábase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.

No caso de que se xustifique gasto inferior ao 30% do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador disposto nas normas de xeral aplicación.

En aplicación destes criterios, o informe emitido polo órgano xestor indicará o importe da subvención inicialmente concedida que proceda aboar á entidade beneficiaria.

### 8.4 XUSTIFICACIÓN EXTEMPORÁNEA E PERDA DA SUBVENCIÓN.

Vencidos os prazos e prórrogas sinalados nas bases sen que a entidade beneficiaria da subvención xustificase o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, a unidade xestora emitirá un requirimento para que, no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

### 9. CONTROL POSTERIOR DAS ACHEGAS CONCEDIDAS.

Para os efectos previstos no artigo 75.3 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, a comprobación das achegas concedidas levarase a cabo do seguinte xeito:

#### 9.1.- NÚMERO TOTAL DE EXPEDIENTES OBXECTO DE REVISIÓN.

As solicitudes presentadas serán numeradas en función da data e da hora de presentación no Rexistro Xeral do Concello.

De entre todas as solicitudes atendidas, seleccionaranse un 15 % para o seu control posterior. A cantidade así obtida será redondeada ao exceso ata acadar un número enteiro. O número de expedientes que se revisen non será nunca inferior a dous.

#### 9.2.- EXPEDIENTES OBXECTO DE REVISIÓN.

Os expedientes concretos obxecto de revisión serán seleccionados do seguinte xeito:

A solicitude presentada en último lugar será revisada sempre.

Os demais expedientes que se revisen serán os consecutivamente anteriores ao indicado no anterior apartado.

#### 10. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS.

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

#### 11. OUTRAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do concello de Ames.

#### 12. RÉXIME SANCIONADOR.

O beneficiario/a quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, desenvolto polo Título IV do Regulamento da citada Lei.

No caso de incumprimento dos prazos de xustificación, se o atraso no cumprimento do prazo non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo que suporá o 30% do importe da subvención.

#### DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

##### DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Difusión do carácter público do financiamento.

Os beneficiario/as deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.

As medidas de difusión poderán consistir na inclusión da imaxe institucional do Concello, así como lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario/a viñese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida así como a súa relevancia deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

##### DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Órganos de control das achegas concedidas.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

##### DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

Faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistros públicos de subvencións, nos seguintes termos:

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos/as beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, e por aplicación do disposto no artigo 18 do RD 887/06, advírtese que o Concello de Ames

publicará as subvencións concedidas, expresando na publicación o nome ou razón social do/a beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, se é o caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e cantidade concedida.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Protección de datos.**

O responsable do tratamento dos datos persoais que consten no expediente de convocatoria destas axudas é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica, da convocatoria de axudas para a promoción de festas populares do Concello de Ames no exercicio 2020 e 2021, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico [dpd@concellodeames.gal](mailto:dpd@concellodeames.gal).

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
20/05/2021 DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9  
20/05/2021 0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2584477DE05810346BC

POSTO DE TRABAJO:  
Secretaría  
Alcalde

NOME:  
PRADA QUEIPIO, ROSA ANA  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS



**CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DE FESTAS POPULARES  
CELEBRADOS NO EXERCICIO 2020 E 2021.**

**ANEXO 1**

**SOLICITUDE DE SUBVENCION**

Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar:

- Cartel das festa, e, no seu caso, programa de man.
- Certificación bancaria da conta na que se vaia a efectuar o ingreso da subvención.

**DATOS DO/DA PRESIDENTE/-A**

Nome	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Actuando en representación de (datos da entidade):

Nome	CIF
Enderezo:	Localidade
Nº de Rexistro Municipal de Asociacións	Nº de asociados/as
Presidente/a	Secretario/a
Enderezo electrónico.	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ames para a promoción da festas tradicionais celebrados no exercicio 2020 e 2021, SOLICITO ao abeiro desa convocatoria a concesión dunha achega para a realización das actividades indicadas a continuación:

Descrición dos festexos para os que se solicita a achega:

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
20/05/2021 DF5404BF53C68ABC5CAD316831A64E219B37FA9  
20/05/2021 0FD2C3778C7B204298B5CEE009905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABAJO:  
Secretaría  
Alcalde

NOME:  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2584A77DE05810346BC

ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS (\* poderanse engadir follas adicionais, de non resultar esta suficiente).

Descrición do gasto.	Contía
<b>TOTAL</b>	

Descrición doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade.	Importe
<b>TOTAL</b>	

OBJECTIVOS DA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN.	
1	
2	
3	

Ames, _____ de _____ de 2021
O/A PRESIDENTE DA ENTIDADE

**Información relativa ao tratamento de datos persoais:**

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións destinadas á promoción de festas populares do Concello de Ames, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico [dpd@concellodeames.gal](mailto:dpd@concellodeames.gal).

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
20/05/2021 DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9  
20/05/2021 0FD2C3778C7B204298B5CEE009905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:  
Secretaría  
Alcalde

NOME:  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2584A77DE05810346BC

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES  
CELEBRADOS NO EXERCICIO 2020 E 2021.**

**ANEXO 2**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO PRESIDENTE DA ENTIDADE (Asociacións legalmente constituídas).**

**DATOS DO/DA PRESIDENTE,-A**

Nome da persoa que presenta a solicitude (Presidente da asociación).	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Actuando en representación de :

**DATOS DA ENTIDADE**

Nome	CIF
------	-----

Aos efectos do previsto no artigos 69 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.

En relación ao proxecto para o que se ten solicitado unha achega do Concello de Ames ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

**DECLARACIÓN RESPONSABLE:**

Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha achega ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación ate a completa resolución do expediente. Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario/a dunha achega pública.

Que non obstante o anterior, autorizo ao Concello de Ames para comprobar en calquera fase do procedemento a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

Ames, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:  
20/05/2021 DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9  
20/05/2021 0FD2C3778C7B204298B5CEEED09905C5886F2BBDE1

POSTO DE TRABAJO:  
Secretaría  
Alcalde

NOME:  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2584A77DE05810346BC

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE FESTAS POPULARES  
CELEBRADOS NO EXERCICIO 2020 E 2021.**

**ANEXO 2 (bis)**

**DESIGNACIÓN DA PERSOA REPRESENTANTE DA COMISIÓN DE FESTAS ANTE O CONCELLO DE AMES E  
DECLARACIÓN RESPONSABLE DOS MEMBROS DESTA (Comisións de festas integradas por unha agrupación  
de persoas físicas).**

Os abaixo asinantes,

**DECLARAN:**

1º.- Que a Comisión de Festas de \_\_\_\_\_ está Integrada polas seguintes persoas:

\*.- \_\_\_\_\_ (CARGO): \_\_\_\_\_

\*.- \_\_\_\_\_ (CARGO): \_\_\_\_\_

\*.- \_\_\_\_\_ (CARGO): \_\_\_\_\_

\* (.....),

2º.- Que estas persoas, decidiron acollerse á convocatoria de subvencións promovida polo Concello de Ames para o apoio á organización e celebración de festas populares correspondente ao exercicio 2020 e 2021.

3º Que os/as abaixo asinantes decidiron designar a D/Dª \_\_\_\_\_ para que formule e asine a solicitude de achega á que se refiren as bases da subvención.

4º.- Que coñecen e aceptan as bases da convocatoria, e que non están incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública.

5º.- Que todos e cada un dos/das abaixo asinantes responden solidariamente das obrigas que se puideran derivar da subvención que agora se solicita.

6º.- Que ningún dos abaixo asinantes teñen débeda ningunha pendente de pago co Concello de Ames, coa Axencia Tributaria e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, nin están incurso en circunstancia ningunha que impida o acceso ás achegas públicas, de acordo coa normativa de aplicación, comprometéndonos a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.

7º.- Que a Comisión de Festas se compromete a levar un rexistro contable no que se recollan, ordenados cronoloxicamente, a totalidade de cobros e pagos asociados ás festas acollidas a esta convocatoria de achegas.

8º.- Que non obstante, todos e cada un dos abaixo asinantes autorizamos <sup>1</sup> ao Concello de Ames para solicitar da administracións competentes as certificacións que acrediten o cumprimento destas obrigas ás que se refire o artigo 13.2 e) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ames, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asinado.

**Información relativa ao tratamento de datos persoais:**

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións destinadas á promoción de festas populares do Concello de Ames, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico [dgd@concellodeames.gal](mailto:dgd@concellodeames.gal).

**Nota:** Deberán asinar TODAS as persoas enumeradas no punto 1 anterior. Igualmente, deberá xuntarse copia do DNI de todas as persoas asinantes

<sup>1</sup>En caso de non outorgar esta autorización deberán achegarse xunto coa solicitude, orixinais ou copias compulsadas dos certificados acreditativos do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social. Estes certificados deberán achegalos todas as persoas asinantes da solicitude.

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DE FESTAS POPULARES  
CELEBRADOS NO EXERCICIO 2020 E 2021.**

**ANEXO 3**

**CONTA XUSTIFICATIVA**

**DATOS DO/DA PRESIDENTE,-A**

Nome	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Presidente/ a da seguinte asociación, e actuando na súa representación de:

**DATOS DA ENTIDADE**

Nome	CIF
------	-----

**DECLARO:**

Que foron efectuadas as actividades financiadas coa achega concedida polo Concello de Ames para a promoción de festas tradicionais, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2020 e 2021, e que se acadaron os obxectivos propostos.

Que, para as actividades subvencionadas, a relación de gastos e ingresos da asociación por min representada é a que se reproduce a continuación:

**GASTOS EFECTUADOS<sup>2</sup>.**

Expedidor da factura (con CIF)	Nº de factura	Data da expedición	Concepto	Importe	Data de pagamento
Total gastos _____ euros					

<sup>2</sup>No caso das comisións de festas non personificadas, as facturas deberán ser expedidas a nome dun dos integrantes que tiveran asinado a solicitude de subvención.

**INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE.**

- A entidade non obtivo outros ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Ames
- A entidade obtivo as subvencións ou recursos que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Ames

Subvencións.

Administración concedente.	Importe
CONCELLO DE AMES	
<b>Total</b> _____ euros	

Outros ingresos que financiaron a actividade.

Tipo de ingreso	Importe
CUOTAS DE SOCIOS	
APORTACIÓNS VECIÑAIS	
DOAZÓNS/PATROCINIOS	
<b>Total</b> _____ euros	

Ames, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

O/A representante da entidade.

**Información relativa ao tratamento de datos persoais:**

O responsable do tratamento dos datos de carácter persoal que poidan constar no expediente é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica das subvencións destinadas á promoción de actividades levadas a cabo por asociacións culturais do Concello de Ames, que se contén nas bases polas que se aproba a correspondente convocatoria, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal e no interese público. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o/a Delegado/a de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico [dpd@concellodeames.gal](mailto:dpd@concellodeames.gal).

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do alcalde, en Ames, a 20 de maio de 2021, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace  
O alcalde  
José Blas García Piñeiro

A secretaria  
Rosa Ana Prada Queipo